

ACTA DE APERTURA DAS OFERTAS ECONÓMICAS CON MOTIVO DO PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN CONVOCADO POLO CONCELLO DE LUGO PARA A AUTORIZACIÓN DA INSTALACIÓN DE CASETAS E CALDEIROS DO POLBO DURANTE AS FESTAS DE SAN FROILÁN 2015. EXPDTE: 30-2015

Sendo as 13:30 horas do día 3 de setembro de 2015, no Salón de Comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, dona Ana Tabarés Martínez, e actuando como vocais:

- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, Letrada-asesora da Asesoría Xurídica.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello de Lugo.
- Dona Matilde García Losada, Xefa de Sección de Cultura do Concello de Lugo.
- Dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Técnico do Servizo de Contratación, actuando como Secretario.

Asisten ao acto:

- Don Fernando Comba, en representación de HOTEL TORRE DE NÚÑEZ, S.L.,
- Dona María José Rey Pérez e don Manuel Rey
- Don Juan Pazo, en representación de PULPERÍAS AURORA E HIJOS, S.L.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte do Sr. Secretario a informar dona María José Rey Pérez presentou o día 1 de setembro de 2015 unha carpeta con documentación administrativa, tralo requirimento feito polo Secretario da Mesa de Contratación en data 27 de agosto de 2015, no que se lle concedía un prazo de tres días hábiles para que subsanase a documentación administrativa presentada no seu día.

Á vista do cal, os membros da Mesa entenden que a documentación administrativa foi presentada fóra de prazo, xa que o requirimento foi recibido pola interesada o xoves día 27 de agosto e a documentación presentouna o martes 1 de setembro, xa pasados os tres días hábiles concedidos.

A tal efecto, a Mesa de Contratación acorda excluír da presente licitación á oferta presentada por dona María José Rey Pérez.

De seguido procédese á apertura das ofertas económicas dos licitadores admitidos, sendo o seu resultado o seguinte:

- CASETA E CALDEIRO Nº 1.
Presentouse a empresa PULPERÍAS AURORA E HIJOS, S.L., cos seguintes prezos:

- Caseta: 19.000 €

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

XMCR/jlgn

Refº: ACTA OFERTAS ECONOMICAS CASETAS E CALDEIROS 2015

Asunto:

- Caldeiro: 12.010 €

- CASETA E CALDEIRO Nº 3.

Presentouse don Ramiro López López, cos seguintes prezos:

- Caseta: 16.105 €
- Caldeiro: 9.205 €

- CASETA E CALDEIRO Nº 4

Presentouse a empresa HOTEL TORRE DE NÚÑEZ, S.L., cos seguintes prezos:

- Caseta: 15.050 €
- Caldeiro: 8.260 €

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación propón adjudicar as casetas e caldeiros de polbo para as festas de San Froilán 2015, como se sinala a continuación:

- CASETA E CALDEIRO Nº 1, á empresa PULPERÍAS AURORA E HIJOS, S.L., nas cantidades seguintes:

- Caseta: 19.000 €
- Caldeiro: 12.010 €

- CASETA E CALDEIRO Nº 3 a don Ramiro López López, nas cantidades seguintes:


- Caseta: 16.105 €
- Caldeiro: 9.205 €


- CASETA E CALDEIRO Nº 4, á empresa HOTEL TORRE DE NÚÑEZ, S.L., nas cantidades seguintes:

- Caseta: 15.050 €
- Caldeiro: 8.260 €

Con respecto á caseta e caldeiro nº 2 acordouse convidar aos licitadores, por se fose do seu interese e nun prazo máximo de cinco días hábiles presenten ofertas.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 14:00 horas do día anteriormente sinalado.

APRESIDENTA

Asdo.: Ana Tabares Martinez



O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz